



Resolución do 19 de xuño de 2018 da Dirección do INTECMAR, pola que se procede á modificación da clasificación de diferentes zonas de produción de moluscos bivalvos.

O Regulamento (CE) nº 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004 polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, establece no punto 1 do apartado A do capítulo II, que so se poderán recoller moluscos bivalvos vivos en zonas de produción con localización e límites fixos, clasificados pola autoridade competente, como pertencentes á clase A, B ou C con arranxo ao Regulamento (CE) 854/2004 do Parlamento e do Consello do 29 de abril de 2004 polo que se establecen as normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

Polo tanto é a autoridade competente quen debe determinar a localización e os límites das zonas tanto de produción como de reinstalación que se clasifiquen.

A Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos seus anexos I e II as zonas de produción resultado dunha profunda revisión.

O artigo 4º da Orde de 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños indica que *“cando os controis establecidos nas zonas de produción demostran unha modificación das condicións que determinaron a súa clasificación, a Dirección do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), mediante resolución, prohibirá a recollida e explotación de moluscos bivalvos, gasterópodos ou equinodermos na zona da que se trate ou procederá ao cambio de clasificación da zona de produción que poderá ser periódico ou temporal, ata que se restablezan as condicións orixinais”*.

Para garantir a idoneidade dos produtos extraídos nas diferentes zonas, a Consellería do Mar, a través do INTECMAR, realiza os controis de todas as zonas de produción de acordo cos regulamentos que resulten de aplicación.

Nos resultados dos controis efectuados nas distintas zonas de produción detectouse que hai niveis de *E. coli* que ofrecen resultados diferentes aos que determinaban a clasificación establecida no anexo I da Orde de 19 de xullo de 2010 que modifica a Orde de 8 de setembro de 2006 e modificacións posteriores do dito anexo I (<http://www.intecmar.org/informacion/microbio/Clasificacion.aspx>).





En virtude do exposto anteriormente, a Dirección do INTECMAR:

RESOLVE

Proceder ao cambio de clasificación das seguintes zonas de produción que quedarían definida como se indica a continuación:

Clave	Area de produción	Límites de la zona	Coordenadas UTM (ED-50)	Clase	Comentario
GAL-05	Zona entre punta Mera e punta Alba			Moluscos Bivalvos	
GAL-05	GAL-05/01 Parte externa da ría da Coruña	- Zona desde pta. Mera ata pta. Alba, agás a parte interna da ría da Coruña (Sta. Cristina), O Parrote e a ría do Burgo	(552290, 4803825) (539250, 4797600)	B	Estable

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a presidenta do consello de administración do INTECMAR, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na páxina web do INTECMAR, de conformidade co disposto nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 4º da Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Esta resolución producirá efectos dende o día seguinte ao da súa publicación na páxina web do INTECMAR.

Vilaxoán, a 19 de xuño de 2018

Covadonga Salgado Blanco
A directora do INTECMAR